

Caderno de bitácora

Nesta actividade vou a pedirvos que realicades un caderno de bitácora sobre esta semana de confinamento que comezamos hoxe (luns 19-04-2020).

Por si algún ten dúbida sobre que é isto, un caderno de bitácora é unha especie de “diario” que utilizaban os mariñeiros para rexistrar o que pasaba cada un dos días que estaban no mar. É moi típico tamén utilizar este tipo de cadernos cando se realiza algún viaxe engadindo fotos con un pequeno texto contando o que se fixo nese día ou destacando algunha actividade especial.



Isto é o que vos pido eu, que durante os próximos cinco días, ata o venres, escollades unha imaxe diaria que represente o que facedes cada día, unha foto cociñando en familia, unha vídeo chamada con algún amigo, algunha actividade de lecer ou que vos relaxe... e que a acompañedes con un pequeno texto de non máis de tres ou catro liñas onde contedes a razón pola que escollestes esa imaxe.

Si o queredes ver de outro modo, sería como facer cinco publicacións de Instagram, pero tendo en conta todas esas normas ortográficas que traballamos día a día (comas, puntos, palabras acentuadas e todo iso...)

Para facer esta actividade podeades facela no ordenado e mandarma ao meu correo (msf@edu.xunta.es), ou ben si alguén prefire facelo a man cambiando as imaxes por algún debuxo persoal pode entregarmo cando volvamos as clases.

Deixovos unha páxina onde podeades ver ideas para o voso caderno e algunha imaxe que vos pode servir de exemplo.

(<https://viajandoporahi.com/como-hacer-un-cuaderno-de-viaje/>)

